

Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)

1. O donante destes relatos, recollidos no vran do 73, foi un vello duns 65 ou 70 anos, xateiro cando novo, natural dun lugar chamado Vilagudín, no concello de Negueira, Lugo. Este lugar de Vilagudín está hoxe solagado polas augas do embalse de Salime. Por tal razón o noso xateiro tivo que mudarse pra outro punto máis alto do vale: Sarceada. Alí vive hoxe. O seu nome non ven ó caso. El é “Vilagudín”, aínda prós amigos, seguindo o costume da comarca de denominar polo xentilicio ós que pola súa profesión teñen que andar de pobo en pobo. Aínda hoxe, despóis de xubilado, sigue sendo “Vilagudín”. Nos seus anos mozos foi un *dels majors trichadores de dopna* que se recorda na rodeada. A súa vida de comprador de becerros presentáballo ocasións e el procuraba non desaproveitalas. Había veces que saía escalabrado, pro compensábo coas outras veces. Estas tamén se lle saben, anque non as conta.

Vilagudín é un gran narrador, capaz de poñer en xogo uns recursos considerables, dentro do que permite a improvisación. Ó mesmo tempo é un gran humorista. Verá o lector que as máis das veces os relatos que fai acaban en situacións ridículas, dorosas e peligrosas pra si mesmo. En tódolos casos procura non amosar senón o lado cómico.

Quizáis non poder sentí-la súa propia declamación fará que na lectura desapareza moita da gracia. Con todo, preferimos non retocar nada. Tal cal percibímo-la grabación así procuramos transcribir. Polo menos que conserve o valor de documento “galego vulgar”, testemuña inadulterada do que realmente se fala.

2. Convencións tipográficas. Procuramos transcribir canto di o donante sin alterar nada. Con todo hai veces que na grabación intervén unha segunda voz. Se o que di este acotador non afecta o curso da narración, pasámolo por alto. En caso de que lle faga variar ó fio do discurso, dámo-la intervención do narrador 2.º entre paréntesis cadrados [], pra que o lector non se desoriente pola posible rotura. Tamén hai veces que o narrador reduce certas espresións do tipo “díxenll’ eu” a un sonido case imperceptible. Neste caso, cando é esencial, restaurámo-la lagoa por unha espresión entre paréntesis en ángulo <>. Esta sutura ou calafateadura ten a mesma intención cá anterior: axudar á comprensión do testo. En calquera dos casos fica xebre o de cada quen.

Por último: nas notas a pé de páxina, as equivalencias que damos entre comillas sinxelas son as palabras do galego común que corresponden ás de Negueira. As que van entre comillas dobles, son as equivalencias na propia fala de Negueira, dos castelanismos ou “galeguismos” que ocasionalmente aparecen.

3. Ortografía e pronuncia. Mantemos case en todo a ortografía habitual do galego. Decidimos que non é rentable transcribir fonéticamente porque os fonemas de Negueira son os mesmos cóos do galego común e as mesmas

tamén son as súas variantes fonéticas. Compre así e todo ter en conta varias cousas:

a) Que a acentuación se rexe polas mesmas normas cós manuais do ILG (*Gallego 1*, etc.). Quebrantamos estas normas sóio pra *pártio* [pártjo] línea 32 e *sálio* [sáljo] l. 203 por seren insólitos prós lectores de galego estes presentes de *salir* e *partir*.

b) Que os fonemas *e*, *o* abertos se marcan como *e*, *o*. A ausencia do signo diacrítico indica a falta do rasgo de abertura. Compre ter en conta que por veces hai certa tolerancia na distribución de *e*/*e*, *o*/*o* (*eu* = *eu*, *peró* = *peró*), anque dentro de certas regras.

c) Que dous *a* átonos (o do final dunha palabra e o do comenzo da seguinte) dan lugar a un *á* tónico. O primeiro, [e], representámolo por *a*, o segundo, [a], ora por *á*, conforme é normativo pola ortografía (*á* = *a a*, *prá* = *pra a*) ora por *à* (*non habí à naide* 39 = *non había a naide*). Tamén pode aparecer este *à* [a], anque neste caso sin que o acento teña valor prosódico, é decir fonolóxico, despóis da conxunción *i* [j] (*i à cantazo limpio* 191). Anque non sempre despóis de *i* ten que aparecer *à* (*i a borra- chera* 14). Quizáis o primeiro *i à* se explique por interpretarse como de **ie a* (ver máis abaixo a conxunción copulativa).

d) Ademáis, que eliminámo-lo *h*. Cando aparece o grafema *h* (sóio en interxeccións) equivale a un son aspirado sonoro [h] (*hem* 99); que unificamos *b*, *v* en *b*; que *ch*, *ll*, *c^e*, e *qu^e* son respectivamente [c, ʎ, ʎ, k], que o *s* é apical. Non hai geada.

4. Fonéticamente hai certos rasgos singulares no galego de Negueira (coincidentes por outra banda co de moitos outros puntos do galego oriental e do chamado galego exterior). Imos salientar uns cantos.

A) Vocalismo. Non opera a metafonía por *-o* sobre os *-é*-, *-ó*- tónicos. O mesmo podemos decir de certos tipos de palatales e de *waw*, que no galego común zarran un grado o timbre das ditas vocales. Por tal razón resultan chocantes as formas *međo* 354, *sogro* 85, *eu* 6, *meu* 156, *noite* 5, *despóis* 62, *qllos* 188, *folla* 93, *qi* < *hōdīē* 54, *almorzo* 48. Non é preciso lembrá-la importancia que poden ter prá comprensión da metafonía galego-portuguesa os datos que dan estes dialectos arcaizantes.

As nasales implosivas piden *é*, *ó* abertos, inda que o timbre orixinario fora *e*, *o*: *Belmonte* 206, *bōn* 164, *lōmbo* 15, *-ōn* < *-ōnē*: *corazón* 32, *chambrōn* 16, *ladrōn* 61, *montōn* 187; *xente* 89, *contēto* 227. Resulta curioso que a terminación *-ōis* < **-ōis* conserve o timbre aberto despóis de desnasalizada: *xamōis* 118, *nenōis* 232, *melōis* 236. O mesmo *entōcias* 5 < **entōcias*. Non hai dúbida que a nasalidade antecorsonántica preservóu e condicionóu esta abertura de timbre como queda demostrado polo caso de *ne-noas* 295 e tódolos femeninos en *-oa* < **-ōa*, onde a nasalidade é antevo-cálica. Hai, polo tanto, unha alternancia submorfémica de timbres que opón (*nen*)ōn-(*nen*)ōis a (*nen*)oa-(*nen*)oas.

Por veces, pro infrecuentemente, *o* pode pasar a *u* polo influxo dunha nasal implosiva, especialmente cando se trata dun *o* átono: *unde* 69 167, *cuntando* 147 anque tamén *conteille* 175...

Hai veces que a discrepancia de timbres de *e*, *o* entre o galego de Negueira e o galego común ten raíces na analoxía. Así, no galego común a vocal temática ou radical dos tempos de perfecto dos verbos regulares da segunda, ten timbre pechado: *comeron*, *comeran*, *comesen*; *foron*, *foran*, *fosen*. En Negueira aparece vocal aberta: *corrérase* 65, *coméramos* 247, *descompoérase* 294, *fomos* 120, *fora* 58. Anque hai casos esporádicos de *-e-*: *debéronlle* 257. Desconecemos a qué se debe esta incongruencia. Pode tratarse dunha mezcla de dialectos esplicable polos continuos viaxes que o noso donante se vía obrigado a facer pola Galicia do *-e-*. Sobre o problema do timbre deste *-e-* pode verse a interpretación que dou no meu *El verbo gallego*, Santiago, 1974, pp. 54-61.

Finalmente, tamén tocante ó vocalismo, hai que mentá-la redución de *-aiš-* a *-aš-*: *embaxo* 23, *boxar* 25, *axada* 237.

B) Consonantismo. Resultados de *-l-*. Non atopamos palabra ningunha que perdera o *-l-* intervocálico: *delantre* 12, *escaleira* 27, *belortos* 53, *calente* 110, *mula* 119. Este é un rasgo do galego oriental que non se puxo aínda de manifesto nas dialectoloxías galegas a pesar de que hai abundantes restos de *-l-* nunha franxa de varias leguas de ancho polo levante da provincia de Lugo. Na fala do que escribe estas liñas, a da Fonsagrada, son de uso común verbas como *mulín*, *freixolo*, *abolo*, etc. Habería que buscá-la razón estrutural e fisiolóxica desto. Quizáis haxa que ter en conta que *-n-* e *-l-* tiveron que pasar antes da desaparición por unha fase debilitada **-n-* e **-l-*. Desde este estadio a realización oral do *-n-* puido relaxarse hastra perderse de todo porque quedaba baixado o velo do paladar e, polo tanto, as vocales viciñas, agora nasales, herdaban a marca distintiva do antigo *-n-*. Pro a perda da oclusión apical do *-l-*, ou a da súa fricación, automáticamente provocaba un hiato e o peligro dunha crasis. O galego non atopou razóns pra frená-lo proceso, que no caso do *-n-* quedaba temporalmente paliado pola resonancia nasal. Pro esta franxa oriental, máis arcaizante có resto, preferiu non permitir este proceso revolucionario e deu marcha atrás hastra *-l-* de novo. Sóio atopamos dous casos en que *-l-* desaparece; trátase das contraccións de algunhas preposicións co artigo **la*: *coa* 199, *da* 101 (ver abaixo *artigo*) e das enclisis do pronome **la* con algunhas formas verbales: *lebóua* 130 (v. máis abaixo os pron. átonos).

-n-. Son interesantes os resultados da nasalización e desnasalización. Como se sabe, no galego común e no portugués, os hiatos *-ia-* < *-īna-* e *-io-* < *-īnū/ō-* acabaron desenvolvéndose en *-iño-*, *-iña-*. Non é este o lugar de discutir detalladamente o cómo nin o por qué. Seguramente foi debido a que a nasalidade (é decí-la baixada do velo do paladar) non principiaba e acababa co *-i-*, senón cun certo retraso. Deste retardamento da nasalidade orixinouse o *-ñ-*. Pro nesta zona, moi conservadora, a nasalidade debéu perdurar de xeito normal hastra época moi recente, acabando finalmente por desfonoloxizarse e desaparecer sin rastro, o mesmo que cando se trataba de hiatos con entrambas vocales abertas. Así: *tía* 'tiña' 14, *bía* 'viña' 49, *mía* 133, 158, *mías* 277, *paxariús* 140, *puebliús* 254, *carpiús* 174 o mesmo que *Pepoa* 99, *empoyer* 110, *bera* 'viñera' 310, etc.

Parecido acontece coas secuencias *-ũa-*, *-ũo-* resoltas en galego en *-uya-* e *-uvo-* (esta última dialectal) e na zona que nos ocupa en *-ua-*, *-u-*: *uas* 1, *algúa* 154, *ningúa* 273, *us* 53.

A mesma conta foi con *-õe-*, resolto aquí, regularmente, en *-qi-* fronte ós varios resultados do galego: *xamóis* 118, *nenóis* 232, etc.

A terminación *-ĩnũ* apocopouse en *-ín*: *carpín* 159.

5. Hai algúns rasgos morfolóxicos que compre destacar.

A) As formas do artigo definido son: *el* 2, 3, 26, 36, etc.; *a* 14, 25, etc.; *os* 75, *as* 160. A forma *el* redúcese a *l* en posición postvocálica: *encendendo l lume* 5, *que che pártio l corazón* 32, *qi non é l outur día* 235; esta mesma lei rexe nas contraccións con *a*, *de*, *con* e *pra*: *al riu* 125, *riu del Oro* 315, *co l chambrón* 16, *pal lado* 144. As segundas formas do artigo (*-lo*, *-la*, *-los*, *-las*) aparecen coa mesma distribución que no resto do galego: *polas escaleiras* 27, *polo xato* 76, *pasá-lo Antroiro* 157, *buscá-los jamóis* 138; anque hai certa tolerancia: *bai aber as de Dios* 345. Sóio descubrín unha vez o artigo *o* (*leba'l o demo* 'levala o demo' 155).

As formas do artigo indefinido son *un* 59, 60, *ua* \curvearrowright *o* 119, 122, *us* 53, *uas* 1, 13. Anque non é artigo senón pronome, atopámo-la forma galeguizante *unhos* en 365.

B) Nos pronomes compre lembrar que os herdeiros dos acusativos de plural dos demostrativos latinos masculinos acaban en *-os*: *elos* 42, *aquelos* 26, *esos* 337. Faltan ex. de *estos* anque nos consta a súa existencia. No singular coinciden co galego de outras zonas: *el* 82, *aque* 202, *ese* 32, *este* 197. Non hai metafonías do tipo *ēla*, *aquẽla*, etc., nin *isto*, *iso*, etc.

As formas do pronome persoal átono non ofrecen diferencias co resto das falas do galego no que toca ás pers. 1.^a, 2.^a e dativo da terceira. Pró acusativo masculino da terceira, as formas son as seguintes: *el* \curvearrowright *l* \curvearrowright *o* \curvearrowright *ol* \curvearrowright *-lo*, con arreglo a unha distribución complementaria complicada, ás veces algo tolerante: *foi el que me salvóu* 310, *tíal na porta* 64, *non-o pagóu* 81, *agarróuol así* 206, *vou marcalo* 62. Non nos parece prudente pararnos a facer un estudio detallado da distribución das formas porque dun corpus tan pequeno non é posible sacar datos definitivos. As formas do feminino e plurales son coma no resto do galego: *a* \curvearrowright *-la*, *os* \curvearrowright *-los*, *as* \curvearrowright *-las*.

O único que había que decir dos demostrativos xa queda dito arriba. Tocante ós posesivos compre sóio mencioná-la conservación das formas etimolóxicas e o tratamento fonético local: *meu* 156, *meus*, *mía* 133, *mías*, *tou*, *tous*, *túa*, *túas*, *sou*, *sous* 210, *súa* 262, *súas*.

C) O verbo. Dunha clase de palabras tan complicada habería que ter un corpus moi grande pra poder dar unha noticia algo sustanciosa. Destacaréi sóio aspectos illados.

A conjugación dos verbos regulares coincide, en xeral, coa do resto do galego. Aparece *-n* (\curvearrowright \emptyset) como desinencia persoal de primeira persoa dos perfectos de indicativo: *miréin* 39, *atopéin* 159, ó lado de *atinéi* 23, *cheguéi* *compréi* 37. A desinencia da 2.^a pers. do perf. é *-che*: *tebiche* 363; a da

5.^a, *-stes*. Á vocal temática dos tempos de perfecto dos verbos regulares da segunda conxugación xa nos referimos antes en 4A: *corrérase* 65, *coméramos* 247, *descompoérase* 244, frente a, unha vez, *debéronlle* 257.

Nos verbos irregulares hai fenómenos notables debido á perda das nasales: *teño*, *teis* 31, *tēn* 76, *temos*, *tedes* 147, *tein*, *tía* 122, *tías*, *tía* 1, *tíamos*, *tíades*, *tían*. Case polo mesmo modelo vai *bir*. É notable o perfect. de *bir*: *bin*, *bēche*, *bēu* 341, *bēmos*, *bēstes*, *bēron*. Como no resto do galego hai metafónías que afectan a vocal radical dos perfectos, pro a súa propagación analóxica opera máis limitadamente: *tiben* 290, *tebiche* 363, *tebo* 293, *tebēmos*, etc.; falta a metafonía en *fecen* 57, *fecēche*, *fezo*, *fecēmos*, etc. Tamén é singular o perfecto de *ser*: *fun*, *fuche*, *foi* 93, *fōmos* 120, etc. Pra *poer* non temos máis que datos contradictorios.

Os modos, tempos e perífrasis teñen as mesmas formas e funcións que no resto do galego. Compre mencioná-lo abundante uso da perífrasis *aber a* + infinitivo: *a égua oubo a lebal' o dēmo* 155, *seich' eu pur und' ás a subir* 166.

D) Adverbio. Merece destacarse que a forma *tamén*, dos chamados adverbios afirmativos, se valdeirou moitas veces do seu sentido positivo-aditivo pra quedar únicamente como marca positiva redundante da frase: *a égua tamén oubo a lebal' o dēmo* 154, *mala centella coma 'l misto tamén* 182, *xa tebo tamén malo esta noite* 293.

E) Conxunción. Ten que resultar chocante, mesmo pra familiarizados coa dialectoloxía galega, a variedade de formas que presenta a conxunción copulativa: *e* 30, *e* 15, *i* 14, *ie* 12, *ie* 16 e *passim*.

As tres primeiras coinciden co galego común, as dúas derradeiras co asturiano. A explicación máis doada será, pois, supoñer que se trata dun cruce de dialectos e que as formas *ie* ~ *iē* proceden dunha influencia do asturiano, onde, según parece, o diptongo se produce de maneira fonética regular. Ora, o sentido común négase a admitir esta explicación pra presenza de *ie* ~ *iē*, por moi prósimo que estea o asturiano. É máis, négase mesmo a admitir que unha partícula convertida en átona, *ē*, diptongara en sitio ningún do asturiano, conforme nos esplican as dialectoloxías e monografías dialectales unha tras da outra. Coido que hai unha explicación moito máis satisfactoria pra esclarecé-las formas diptongadas asturiana e galega. En efecto, sabemos que a forma galega e asturiana do dativo do pronome de terceira persoa (*i*)LLĪ + vocal > gal. [i] (*deull' auga*), ast. [j] (*dioy agua*) e que, por retroformación, resultaron as formas antecónsonánticas gal. *lle* (*deulle viño*), ast. *ye* (*dioye vino*). Pola mesma razón, a forma antevocálica da conxunción (*el i ela*) pasou, por retroformación, á antecónsonántica *ie* (*el ie nosoutros*). En asturiano unificouse todo en *ye* (como ocorreu en ast. e gal. co pronome *ye*, *lle*), pro na nosa zona permanece aínda nunha etapa de indecisión. Do mesmo xeito có ast., o castelán unificou todo a partir da forma antevocálica, sin retroformar.

6. Castelanismo. Sorprenderá que haxa certa abundancia de castelanismos léxicos. O problema é común pra todo o galego, polo tanto non imos discutilo aquí detalladamente.

Como resulta doado de comprender, hai conceptos novos que nos veñen a través do castelán e con eles ten que ví-la palabra nova, unhas veces adaptada mínimamente conforme a determinadas regras que tódolos bilingües conocen, outras veces tomada sin adaptación ningunha. Estes conceptos refírense maiormente a utensilios ou artes introducidos polos avances da técnica.

Hai veces que o castelanismo penetra pra substituir un nome xa existente na fala local: *cejas* 188, *cuentos* 201, *bueno* (espresión ilativa) 171, etc., posiblemente a través da formación escolar. O caso é que as formas autóctonas **cella*, **contos* e **bon* xa desapareceron e, aínda que comprendidas, resultan artificiosas.

Otras veces o castelanismo vive aínda ó lado da forma autóctona: *cea* 249 ~ *cenar* 257. A vitalidade de unha e outra é moi variable.

Finalmente, hai veces que o castelanismo se pode considerar un luxo auténtico. Trátase de aqueles casos en que por motivos de tipo estilístico o falante recorre á segunda lingua. Dáse esto fundamentalmente en expresións de tipo ponderativo e nos xuramentos. O mecanismo psicolóxico que provoca este cambio hai que buscalo na diglosia galega, é decir, na existencia colateral de dúas linguas con cadansúa función. O feito de recurrir ó sistema non habitual recalca con moito énfasis que o que se está a decir non é unha cousa trivial. Por tal razón, os xuramentos son na súa maioría casteláns ou híbridos: *coño*, *non me jodas*, *me cago en la puta leche*. Resulta curioso que moitas destas palabrotas ditas en galego aínda siguen facendo referencia ás designata primitivas, mentras que ditas en castelán xa se rebaixaron a meras interxeccións groseiras. Tamén resulta curioso que moitas destas expresións, anque poden ter versión literal ó galego, terían un resultado incomprendible: **me cago no puto leite*.

Tipográficamente representamos en cursiva os castelanismos de luxo e damos en nota a equivalencia da palabra na fala local. En caso de que os castelanismos estean xa aclimatados, en maior ou menor grado, non os resaltamos de xeito ningún.

1

Vilagudín axusta un xato con Pepa da Tartagueira. Un percance casual faílle pensar a Pepa que se trata dun abuso e prodúcese un malentendido. Pró outro día tercia un home bo e todo se amaña.

Eu bin pola tarde pra Ernes. E lougo¹, pos, ela taba sôla e tía uas obellas. Taba no monte coas obellas. Però 'ntréi na corte e bin el xato. E gustóum'el xato. Digo eu:

—Non pōdo marchar sen el.

5 I entōncias ela beu á casa de noite coas obellas. Taba 'ncendendo'l lume i entréi eu. Per' eu iba algo borrachete i entōncias digo:

—Oi Pepa.

—Ei.

—Dixeron que tías un xato.

10 —Teño.

—Bamos belo. Bamos belo, ala.

Ie marchou cun candil desto, de gas, delante de min.

E baxando por uas escaleiras que ten, mui cōstas mui cōstas, prá corte, pōis eu, entr' a luz i a borrachera que tía de biño, pōis boto
15 pra 'ncima del lombo de Pepa e paséi por encima del lombo de Pepa co'l chambrōn² i e ela, pōis claro, caeu tamén. Per' agarróuse. Per' eu non m' agarréi que nun... Ie baxéi á corte. Púxenme lleno³ de buleira e de de... Bo. Tiben que lebar ua camisa prestada. I e dixo:

—Me cago en tu corazón. *Me cago en la madre que te parió. Aora*⁴

20 mismo che partio'l corazón. *Aora* mismo.

—I eu:

—Abre Pepa.

Embaxo ás escuras, craro. Per' atinéi, atinéi d' abrir, que se non crísmame.

25 Cuando acabóu de baxar ela eu xa taba fōra. Pasóum' a borrachera cuando aqueles trompazos por aquelas escaleiras abaxo. I el candil iba: “Tataralá” (delante, morto, el), “tatará tataralará” (polas escaleiras abaxo).

I ala. Marchéime contento. I entōncias, pōis, pal outor día, lebéi
30 un Fulano comigo, e a ber se... E berróulle:

—Pepa, a ber el xato. Teis que benderll' a Billagudín.

—¿Bōlbe aí ese? *Aora* mismo lle partio'l corazón, ese disgraciado,

Me c... Cá. Ese tal.

E dixo:

35 —Pepa, perdōna, ombre⁵, que taba algo bebido. Perdónalle.

E compréill' el xato. E marchéi contento coel becerrín.

¹ Lougo: 'logo'.

² Chambrōn: 'chambrá, especie de gardapolvo que levan os xateiros por riba da outra roupa'.

³ Lleno: “cheo”.

⁴ Aora: “agora”.

⁵ Ombre: “ome”.

2

Vilagudín axusta un xato en Nogueiróu e mentres tanto intenta pasarse coa ama.

Poís cheguéi al pueḅlo de Nogueiróu e compréi dous ou tres becerros. Tres. Ie dixéronme que tían ún tamén na casa aquela, ún. E fun e non abí' a naide na casa. Però_ entréi na *cuadra*⁶; miréin. Guapí-
40 semo. I eḅu:

—Ai Diḅs, non *puēdo*⁷ marchar sen esto.

E busca d' aquí e busca d' alí e fun dar con elos a un prado, a outro pueḅlo. Ie berréilles:

—¡Ai ou! ¿Benden un xato que dixeron que tían? (Eḅu xa 'l bira).

45 —No. ¿Comprache algún aí?

—Compréille a Fulano de Tal.

Buēno. Entõncias a biuda, põis, agarróu ua cestuca que tían, del almõrzo, i arrancóu pa riba. I eḅu tía un macho falso. Entõncias ela bía delante de min i ua cacha íballe pa riba i outra pa baxo. ¡Prõ

50 un tipo! ¡Guapísemo! ¡Guapísemo! Digo:

—¡Ai Diḅs!

E chegamos á corte e pidíum' a mitá menos que balía 'l xato. I abía us feixes de fõlla, con belortos⁸, na corte. I eḅu:

—¡Ai la Birgen, esto... Qi⁹ nacín! ¡Qi tal!

55 E díxenlle:

—Pídesme muito. I ademáis qu' é *flaco*¹⁰. Se fõra gordo como tu. E boulle tamén... Fécenll' así, namáis.

—Se fõra gordo como tu.

E quit'õa galõcha¹¹. ¡E gracias que non tía máis qu' un crabo

60 pequeno! E deum' aquí un trompazo:

—¡Lárgate senbergüenza, cochino, ladrón! ¡Afuera¹² d' aquí!

—Coño. Tai quieta, õme. Ala. El xato i ala. Bou marcalo.

—¡Non marcas nada!

¡Oub! Embestíame máis inda. I el machuco falso, põis, tía na põrta
65 ie corõeras' un chisco prá... Atravesóuse. E boto a botarme pola põrta pra fõra xa sangrando ie bai el macho e lebántas' e pégam' un par de patadas nas costēlas. Non sei cómo non mas partíu todas. E despõis fun labarme a un rigueiro qu' abí' alí cerca.

I eḅu paraba 'n Grandas. Unde Colás de Grandas. E díxome Colás:

70 —Tas triste. ¿Qué che pasóu? ¿Tiróu' el macho? ¿E teis sangue aí no cuēllo da camisa?

⁶ *Cuadra*: "corte".

⁷ *Puēdo*: "podo".

⁸ *Belorto*: 'biorto, vencello feito cunha ou dúas varas de xesta ou de carballo' (cast. *velorto*, *vilorto*, etc... V. COROMINAS: *DCELC*, s. v. *vilorta*).

⁹ *Qi*: 'hoxe'.

¹⁰ *Flaco*: "fraque".

¹¹ *Galõcha*: 'zoca'.

¹² *Afuera*: "fõra".

- Nq. Non me tiróu.
Marcharon os fillos e tal. Díxenll' eu:
—Pasóum'esto.
- 75 Contéille todo. ¡Chq̄raba con la¹³ risa! Díxenll' eu:
—Tẽn qu' ir usté mañá polo xato. ¡Sen romedio, e!
Iẽ foi.
E despóis díxenll' eu... Buẽno. Bin bir el xato. I eũ larguéi. Iẽ díxenlle:
- 80 —Pagu' ese xato cuando... Bẽn aí el xato de Nugueiróu. Páguel.
Iẽ non-o pagóu. I eũ mirando a ber se marcharan os dos outros, dos xatos, e todos. I el:
—Pois non ta 'l xateiro. Esperái aí. Taibos sentados aí que longo á bir e tal.
- 85 I esperando aquela xente: el sogro i ela.
E longo desque tanta fame... digo:
—Bou. ¡Ónde ban xa! E tal.
Eẽtro. ¡Pq̄s alí os tía!
—Ai q̄ paga. Ta esta xente aquí 'sperando por tí.
- 90 —Baia e páguel osté, cq̄ño.
Cago en diez. ¡Inda bolber a xuntarme coela despóis de inda tar ensangrentado! ¡Coño! ¡Cago na p...! ¡E'r' amaño!

3

- Mentres axustan un xato, Vilagudín pálpalle as cachas a Pepa e ela escorréntalle a man pousándolle unha plancha quente derriba.*
Cheguéi alí [á casa de Pẽpa da Tartagueira] e foi buscar ua xarrada de biño. Pẽpa. E eẽtoncias, pois, xa t' á prancha calente e tal; púxos' a pranchar. Per' e'r' ua mesa grande. Eu tab' àci' un lado i ela prancharando e tal. Iĩe¹⁴:
—Buẽno. A ber qué ch' ei dar polo xato.
E pidíume. Pidíume muito máis que balía. I eẽtoncias (a Pepoa taba, ¡hem!)... Iẽ díxenll' eu:
100 —Se fõra 'l xato gordo como...
E t' á mau así e coa outra, he... E bai e quita a prancha da saba e põnm' aquí na mau iẽ quanto máis eũ... (paece que tab' á gusto a nau), cuanto máis quería tirar, máis a gusto tab' àli' a mau. Faci' à piel: "Chzzzzzzz".
- 105 I eẽtoncias põis ala. Bq̄. <Dig>o eũ:
—E pouco sacar a pistõla e matarte.
—A pistõla bouch' a dala eũ.
Se non marchou inda me dá máis. Je... (Era cq̄sto despóis pra baxo, pra un riu). Dixo:

¹³ Con la: "coa".

¹⁴ Iĩe: "díxenlle" (forma abreviada pola velocidade do discurso).

- 110 —Quizáis te bou empoer¹⁵ por 'i abaxo qu' ás ir calente cos cantos que che bou mandar. Cago 'n tu madre, bai mandar¹⁶ polo xato e bai tal. Quéresme roubar, disgraciado.
 Ie marchó coa mau:
 —Oi, oi, oi.
- 115 E chego alí ua¹⁷ cantina que taba cerca i el da cantina non sabía qué me fecese e botóum' alcól. ¡Ou! Despóis sí que peguéi bramos. Alcól na carne biba. Cõñó.

4

Vilagudín tiña unha moza do outro lado do Navia e iba vela con frecuencia; tanta que xa a egua conocía o camiño soia. Un día que iban Vilagudín, Graña e Dositèu os xamóns a egua pensóu que iban onda sempre e botóuse ó riu, pro medrara.

- Eu comprara us cuantos xamóis. E bindínllos aquí a Dositèu i a Graña. I entónces lebaron cadansúa mula i eu tia tamén ua iègua tal,
 120 ie fomos xuntar nos *jamóis* ie descargamos pra pasar ua barca i un riu, e este... (pero daquel' era riu, ora xa e embalse). Ie, e solto a ègoa. (E dicían que tí' o nobi' eu alí enfrente ie..., e non sei s' era berdá se non). Ie bais' a ègoa e..., e ¡catapumba! Indo polo areal alante dixerónl' eu aquí a Dositèu i a Graña:

- 125 —Lèb' o dèmo¹⁸ non se nos bai tirar al riu a ègoa, e.

Dixo'l Dositèu:

—Nõ. Bai beber auga.

- Non miróu prá auga máis que: “puf”, al riu, aparelhada e tal. Peró craro, a ègua pòis, caéu pra más abaxo porque, craro, el cachón¹⁹ le-
 130 bóua i entónces non pudi' apelar. Era ua altura de... de. *Una peña lqca*²⁰. Digo:

—Adiõs que che baia ben, afundiuse todo.

- E lougo, pos pasamos, ala. Eu, ba, pola mía ègua i os aparellos. Albarda, que non era mía (mía: era da ègua, però non era da ègua
 135 tampouco; era prestada). Digo:

—Me cago en la lèche puta.

- E claro, comprar outra ègoa como aquela... Cuartos abía poucos. Eso. Lindo no medio da lancha aquela pra buscá-los *jamóis* que tí' alí enfrente pòis parecía... así parecían dous... as orellas, como se fõran
 140 dous paxariús. E dixo Graña:

—¿Qué bai alí?

Peró tíamos ua distancia *lqca*. E miramos e tal:

¹⁵ *Empoer*: 'empoñer, acompañar a alguén hastra poñelo en camiño'.

¹⁶ *Mandar*: 'ofrecer, propoñer un precio'.

¹⁷ *Alí ua*: “alí a ua”.

¹⁸ *Lèb' o dèmo*: forma rebaixada, en lugar de “lèbem' o demo”.

¹⁹ *Cachón*: 'fervenza pequena, gallarón de auga cando hai unha pendente ou un precipicio'.

²⁰ *Una peña lqca*: “ua pena tola”.

- ¡À que bai a egu' alí!
- 145 E bolbía pal lado de (e bolbéu) pal lado de Riudeportos. [Salíu un pedazo àbaxo]. Bou, Birgen santísema. E salíu ię catapumba, non lle pasóu nad' á egua. E dixerill' ęu a Graña:
- E, non tedes mestę d' andar cuntándol, nin...
- Nęn teñas međo.
- 150 Cago na puta leche. O Birgen, xa bęron cuntándol xa tod' à *cordillera*²¹ pa riba.
- Sí, porqu' ęu non quiría que dixęsen:
- Tiróus' a egua enfrente a Quintá al riu ę tal: ta abezada a eso. Pasóu però, a água, como subí' ę baxaba, engaňous' a egua, tamęn. Tab' abezad' à pasar, sí, algúa bez, però cuando menos agua. Daquel'
- 155 àbía muita. A egua tamęn oubo a lebál' ę demo.

5

Vilagudín quedara de ir pasá-lo Entroiro onda Barcia. A chuvia non lle deixóu e quedóu cun curmán de seu en Sarceada. Despóis de ben bebido quixo ir estouciñar cunhas rapazoas do lugar. Subiu polo furado do retrete pro o saber que estaba a nai na casa fíxolle recuar e aterrizóu entre a merda. Seu primo, que lle axudara na operación, agora córreo a cantazos. Tardóu dous días en se limpar.

Ęra primo meų. I ęu pęis taba sęlo i aparelléi a mula pra marchar pasá-lo Antroiro, que quedara deso, a unde Barcia. Chegóu el:

—E tal. Non pędes. Teis que bir prá mia casa ę tal.

- 160 Ę buęno, pęis, fun. Daque<la> abía uas galęchas de carpín (ęustedes non-as conęcen?). Chóbía *mucho*²². Un día de agua, Birgen Santísema. Dixeren:

—Ba. Pos boume quedar.

Ę fun con el. Cenar e *bięn*²³. Ę todo tal. Buęno. I aló pola... E bebendo alí bęn biño da ub' ę tal. Pola nęite, pa riba, dixerill' ęu:

- 165 —E non sei se báiamos... baia aí a 'nde as Güellas.

I el:

—Seich' ęu pur und' ás a subir. (Purque tían un furado grandísemo ę basculaban²⁴ pur alí pra baxo. Ganado non tían ningún, nin tían nada). E súbót' ęu al ęmbro.

- 170 Ę póňome d' a cabalo del ę dixo:

—Tu bai coas maus i así que chegues á... á..., buęno, al tabique, agárrate ę... ę... ei ch'apurr... Eso. Deix' às galęchas aquí fęra, aquí na pęrta.

I efetivamente. Subo naqueles carpíus²⁵ ę tal. Ę longo, pęis, non

²¹ *Cordillera*: "serra".

²² *Mucho*: "muito".

²³ *Bięn*: "ben".

²⁴ *Bascular*: eufemismo por "cagar".

²⁵ *Carpín*: 'peúgo, media corta de lá'.

- 175 tían máis qu' un misto. E recendéulles biño. E dixo a máis bella (Er' à madre i as fillas que tía):
—Oi, paece qui... qui... qui hai aquí un bocõ di biño. ¿Qué aberá pur eiquí?
E dix' ua das fillas, dixo:
- 180 —Pois non ai máis qu' un misto, mamá.
<Digo eu:>²⁶
—Mala centella coma 'l misto tamén.
¡Boit! Empezan alí a 'sbuligar entr' a palla e tal (que cama asta non tían tampouco, as pòbres) i eu bolbo despòis descalzo buscando
- 185 no furado, así, buscando coas didas²⁷, buscando. I atopéin el furado. Desbarato²⁸ pra baxo... Xa din así ua barbadelada²⁹ no... eso. E desbarato pra baxo. I embaxo pos abía un montõn de tal³⁰ que sería alto como esto. Reboquéi ast' às cejas dos ollos. Buëno, tðdo lleno: as maus llenas ie a cabeza, el pelo, pòis tería ua gordura d' ua cuarta
- 190 de... Ome, un montonazo, un montonazo grandisimo.
Ie, i entõncias, pòis, baise 'l peisano ie... i à cantazo limpio. A cantazo limpio que non salise eu. E craro, chego eu (pra salir) á pòrta, ¡buul!, unos penedos pasaban pola pòrta qu' aquello 'mponía³¹. Digo:
—Pos calquera sale.
- 195 I aquela cõsa³² de... bo. Nõo³³, que non m' aguantaba: “¡buól”, “¡aí!”. E buëno, desque lle deu a gana de parar dos cantazos (e tiróulle á casa que dice este, qu' era padre deste que tab' eiquí. Ie inda lle cascaran un canto a ese manco nun brazo. Sí, porque taba ese manco —i é cuñado deste que tab' aquí— e taba coa muller que
- 200 tubo³⁴, que muríu³⁵, Diõ-la descanse, taban alí que é cerca as casas, e taban nos sous cuëntos i aquel canto foille dar á... al único brazo que ten inda lle foi dar aquel canto tamén).
Ie sálio, i entõncias pòis tropezo cun Fulano, non da casa, però tab' alí na polabila³⁶ tamén e tal. <Díxom' el>³⁷:
- 205 —Cõño, tu eres el qu' andas a cantos ás casas, coño, tal.
I agarróuol³⁸ así, Pedro de Belmõnte.
Dixenll' eu:

²⁶ Frase case imperceptible na narración.

²⁷ *Dida*: 'dedo do pé'.

²⁸ *Desbaratar*: 'esborregar, esborrexer'.

²⁹ *Barbadelada*: 'trompada na barbadela ou queixo'.

³⁰ *Tal*: eufemismo por “merda”.

³¹ *Imponía*: “metía medo”.

³² *Cõsa*: “cousa”.

³³ *Nõo*: forma desgastada de “coño”.

³⁴ *Tubo*: “tebo”.

³⁵ *Murir*: castellanismo por “morrer”. Aplícase sóio a persoas; pra animais e prantas sigue insubstituída a forma patrimonial.

³⁶ *Na polabila*: 'de ruada'.

³⁷ O que incluímos entre ángulos substituímoslo nós. Na realidade (percíbese mal a grabación) máis ben se sinte: *dixenñ' eu* “dixenll' eu”, que non casa co que sigue, pois é o outro o que fala.

³⁸ *Agarrar*: 'agarrar'. Aquí, figuradamente, 'considerar'; *agarróuol así* 'pensóu que fora así'.

—Non me *jo*das³⁹ qu' eu non ando tirando cantos.

210 Ie descalzo. Ie *llo*no de *mi*erda. Cago 'n la puta lèche. Cago 'n la puta.

I ala. I el peisano, el primo, se 'l engancho ese día non o sei. Eu creo que algúa cousa abía aber. Escondido, bou. Fun á casa del, xa ora, e pregunto por el: nada. Però eu non m' aguantaba; de cada pouco "joao!", "¡boái!". Polos ollos. ¡Bou! As cejas: cargadas de... de...

215 Sí, *ombre*.

Según caín: "pof". Non me manquéi, e. Abíache *b*on sito. Pra erguerme binme... (reboquéim' alí) binme mui mal. Ora que, nin habí ortigas nin balseiras⁴⁰ nin *c*osa *n*inguna⁴¹ máis que abí' aquilo. E menos mal. Pra limpiarme, pasaron dous días: torna d' eiquí i ergue d' 220 alí. *L*leno, *l*leno i ala.

6

Perras promételle a Arturo axudarlle a vengarse dos mozos de Fonfría. Cando pasaron cerca dos de Fonfría, que taban cavando, ben deitaron de botar a correr, senón alúmanlles con pallas mortas.

Und' empezaron el asunto foi no Acebo. Ie Arturo pedir' ua tortilla. E Perras chegóu alí e tía ganas de comer, tamén. E bai Arturo e díxolle:

—¿Que

res picar algo, que tou desgustado?

225 —¿Qué che pasa?

—Coño, tiben algo aí que m' ensultaron aí os de Funfría el óutur día i e nun tou nada contento cuesa 'nsultadoira.

Ie dixo Perras:

230 —Cago na puta madre que os paríu. Nada, e u bou pá Fonsarada tamén. Póden salir cuando queiran, porqu' eu a dous ou tres *los embuelbo*⁴².

Ie ala. Fõron xuntos. I os nenõis taban cabando. Abaxo da carretera. Ie iban xuntos. El Perras iba d' a pé, en galochas i el outro lebab' à mula. I afetivamente, el xa sabía que taban cabando. Berróulles:

235 —Oe, õi non é 'l óutur día. Salide. Salide pa riba. Mmm tal, cual, melõis, mm tal, me cago asta *en la*⁴³ tal.

I os nenõis, coño, enganchan as axadas i a correr. El outro monta na mula i e Perras en galochas. Però: "tõc catacatõc tõe tõe tõe cõcõcõcõc". Corría Perras... asta que despõis pillóuas na mau, as galochas. Desconfióu. I el as galochas i os carpíus. I os carpíus pos *los comiõ'n*⁴⁴ *la* carretera *de seguidita*. Despõis taba de chancreta⁴⁵.

³⁹ *Jo*das: "fodas".

⁴⁰ *Balseira*: "silva".

⁴¹ *C*osa *n*inguna: "cousa ningúa".

⁴² *Los embuelbo*: "embolb'os".

⁴³ *En la*: "na".

⁴⁴ *Los comiõ'n la*: "coméunos na".

⁴⁵ *De chancreta*: "de zocas e sin carpín".

7

Vilagudín e Barcia foron ós xatos. Na pousada déronlles cachelos con bacalao e Barcia descompúxose. Os peidos que bota resoan na habitación do lado, onde dormen unhas maestras. Vilagudín arde de vergoña. Pola mañá érguese ben cedo pra no tropezar con elas. Cando se descoida, Barcia tenlle a culpa botada.

Íbamos eu e Barcia, pois, xuntos. E chegamos al Muradín i alí hai parróquia noba e bella. Chámanlle... eso: pra un lado, pois, a noba e pra outro, a bella. E <d>ixo:

245 —Bueno, baite tu pra tal sito, pra 'l lado de Samartín i eu bou pra tal sitio.

I era así polas doce. Comēramos de midudía alí no Muradín na cantina aquela. E dixo el:

250 <pal> —Díceslle a Sabel, a muller d' Inacio, que prepare a cea pra cedo, 'scorecer.

Barcia gustáballe muito os cachos con bacalao. I afetibamente, pásé e díxenlle a Sabel, digo:

—Bueno, prepar' à cea pra min e pra Barcia a tal ora.

255 E marchéi eu por alí por aqueles pueblús que taban cerca, a be se compraba algo, i entoncias, pois, xuntámonos á ora que quedóu Barcia de bir, i e xa taban os cachos con bacalao preparados e tal e cenamos e tal. P'í a el fecéronlle... debéronlle facer algo de mal. Era... Abía dúas... dúas maestras (mozas, guapas) i e dúas amigas das maestras aquelas: eran cuatro 'n total. Però ¡baia cuatro mozas qu' abía!

260 E bueno, marchamos prá cama e, lougo, pois, claro, abía así como se fora us durmir alí i outros aquí. Però, sintíamos falar us a outros. I as nenoas, pos, taban, claro, na súa abitación e nosoutros na nosa. E lougo, pois, Barcia, (Dió-lo descanse, q ue muríu á pouco)⁴⁶, leb' o demo se non..., descompónse de noite da barriga. I e sale á... (non abía báter) á bacinilla: ba, tiraba unos⁴⁷ peidarrazos. Ba. E “¡pun!” e “¡pun!” i e tal. I eu na cama:

—Ai Diqs, <Bir>gen Santisema, qué perdido tou.

(Porque Barcia era 'ncargado meu: eu era menos qu' el, desde *luego*⁴⁸; eu tía que facer el que me mandaba el).

270 E non durmín nada. I el tamén “¡bun!”, “¡bun!”.

—¡Diqs, i esas nenoas qué dirán! ¡Q Birgen Santisema!

Pola mañá, al mesmo ser día, lebántome. Porque eu non tía ganas de... d' andar mirando cousa ningúa. E bueno, el tardóu en lebandarse e tal e hum, preguntóull' al *dueño* i á *dueña*⁴⁹:

275 —¿Unde bai Bilagudín?
Eu na *cuadra*. Dando ás bestias i e mirando e tal. Tendo medo ás

⁴⁶ *Á pouco*: 'hai pouco'.

⁴⁷ *Unos*: “us”.

⁴⁸ *Desde luego*: “desde ~ dende lougo”.

⁴⁹ *Dueño*: “dono”.

mías cousas. Ię xa taban as nenoas tamęn. Alí na... na *cocina*⁵⁰. E dixo el:

—¿Unde bai ese?

280 —Pos, anda por aí. Tomóu ua cop' ę tal.

Dixo:

—Ehe, esta noite tamęn durmíu pouco, tamęn parece que tebo descompqsto.

Anda coño. Cago na puta. Eę que me daba bergüenza de belo a
285 el. Cago 'n la puta lęche. Baia labor del *demonio*⁵¹ tamęn. E beño
pa riba pra *desaiunar*⁵² pra marcháremos, ę bais' el *dueño* i a *dueña*
igual:

—A ber qué bai ser Billagudín, que tamęn... Baia. ¿Eę tas mellor?
Digo:

290 —Eu non tiben malo, coño. Cago na puta lęche.

Xa me din cuęnta, coño. Cago na puta.

Pois a culpa lęb' o demo se non tebo que ser pra min, ę.

—Xa tebo tamęn malo esta noite: descompqsose.

Me cago na puta, descompoęras' el, coño. Aquelos peidarrazos:
295 “¡boum!”, “¡catabóum!”. Cago en... I as outras, as nenoas aquelas,
que dábame bergüenza das nenoas, pęis ríanse. E sintías ęu. Cago na
puta lęche.

¡O, Birgen Santísema! ¡Non sei como ta ún bibo!

Por todo cuanto balía daquela...

300 [—Un xato bęn.]

¡Qué xato nin qué nada!

Pęis, mira tu qué cabilóu. I ęu larguéime por non saber nada i
espóis dice:

305 —E, tamęn tebo... Tebo tamęn algo descompqsto, coño, por eso
madrugóu así.

Mira tu cómo foi caendo 'l asunto, coño. ¡Á! Qme, cala pur Dios,
que...

8

*Vilagudín vai a unha festa. Pra pasá-lo riu del Oro envolvémos a
auga a el e á besta. Na casa onde cortexaba intenta darlle unhas brin-
cas á moza mentras lle enxuga a roupa na garmalleira. Se se descuida
despénano os irmáns da rapaza.*

310 Eę bía pr' ua festa aí a Sampedro (Ustę conęce onde taba Sam-
pedro, aí debaxo d' Eřnes, ie... Però, salín de Grandas xa de noite,
así al escocerer. Tía un cabalo bęn. Foi el que me salvóu) ę bęra ua
tronada qu' *aquello* 'mp... Dięs nos libre. En Grandas mismo oubo
quen tebo que sacar de... os cochos colgados (el Canteiro), mira tu

⁵⁰ *Cocina*: 'cocina económica', frente a *cućia*: 'lareira'.

⁵¹ *Demonio*: "demo, demoño".

⁵² *Desaiunar*: "parbiar".

que... *lo* que é..., colgados, e... [desd' o cuarto]. Sí, por un cordel sacalos pa riba, senón afogábaselle todo na...

- 315 I el riu, aquel del Oro, bía de monte a monte. Però 'l meu cabalo taba abezado a pasar cuando abía pouc' auga. I escuro como tiniñbla. E deixéi al cabalo qu' andebese polos carreiros como... I ala. Escuro: Diqs nos libre. E bótase pal riu. P'r', ¡ai Dios!, enbólbemel el riu del Oro pral outro riu Grande. I ala. I eu encima del cabalo. Però quixo
- 320 Diqs qu' el, pos, salíu. Pra 'l lado de... d' und' ib'à salir. Però, claro, eu ás beces chegábam' el auga... Baxar non baxéi, però por aquí sí qu' a tía. Ora que á boca non m... I el cabalo nada e nada e nada e salíu e tal. E chego alí oa casa i e, xa ora, salía del riu, ¡cómo non ib' à ir mollado! E déronm' a roupa de... dun... dun fulano. I ale. I
- 325 a mía, pois, pal caínzo: a 'nxugar, alí pra 'ncima de... da garmalleira. E lougo, pois, cortejaba alí eu ua nenoa. I e, pola mañá, eu taba sen roupa. Buño, bistírame, p'ró á roupa aquela del... abía que deixala. I a mía taba 'nxugar inda. E beu a nenoa, alí á *abitación*⁵³ i empezamos a 'stouciar⁵⁴. I à bella, a madre, pois taba debaxo mocendo⁵⁵ as bacas (i eu non o sabía) e sintíu así brincar e tal e ben, inda non... Tía un refaxón rubio, ancho, e presentas' alí i empeza a darlle bofetadas á filla: "¡plim!", "¡pan!", tal. E dicíall' ela:

—Non me manque, mamá.

- I eu, eu xa taba na cama outra bez. Claro: taba 'n calzoncillos
- 335 (inda non eran meus). E, coño, sinto desd' embaxo (que tían a cucía despóis afóra): "¡rrrrr!", "¡rrrrr!", "¡rrrrr!". E presentans' alí tres, però ¡desos machucos!... Un determinóu de tirarme. Però, mira, coa auga que bera (e xa era aquilo todo un penedo) i a altura qu' abía... se caio 'mbaxo, mi ánema non me queda *güeso*⁵⁶. Todo en cinza, me
- 340 cago na puta. E determinaban de tirarme por... pola bentá pra baxo. E, lougo, coño, beus' achegando ún e tal. Digo:

—Me cago na puta.

Per' eu taba preparado. Debaxo da cabiceira, pois, tía un pistoluco. Digo:

- 345 —Buño, pois, aquí terá que aber as de Diqs, ora que a min non se me toca.

E bótoll' a mau al chisme (i eu falando *bien*, e) e digo:

—Eu, a nenoa, quéroa —decía—, lévoa aora calquer día.

- I amañamos todo, enxugáronm' a roupa, *buena* tortilla, bon biño
- 350 branco... E marchéi.

E despóis, desqu' abía un pedazo que marchara, facía eu... (mirábam' así), digo:

—¿Seréi eu ou non seréi?

Paséi muito mēdo. Digo eu:

⁵³ *Abitación*: "cuarto".

⁵⁴ *Estouciar*: 'estouciñar, brincar agarrados ún co outro'.

⁵⁵ *Mocer*: 'moncer, muxir'.

⁵⁶ *Güeso*: "óso".

- 355 —Peró, ¿tou bibo ou non tou bibo?
 Tuben pur... Se me botan as maus aqueles xa non me mobo, e.
 Ie, catapumba, da bentá pra baxo. No aire xa lebaba un desengaño
 bon, però 'mbaxo: cisco todo. Bq, uas *peñas* alí, qme.
 [—E baia atrebemento tamén pola mañá poñerse a estouciar coa
 360 outra.]
 Nq, era así como se tebéramos bailando.
 Ai, ese foi el medo máis grande case que paséi.
 [—Tar tebiche por un pelo.]
 Por un pelo. Se me botan a mau xa non me mobo. Porqu' eran
 365 unhos... Fuertazos. E tíranme pra baxo i adiós que che baia ben.
 Buñ' q. Bq, brutos. E podendo. Pqden igual que machos. ¡E nada
 máis que tres! Digo:
 —Bueno, pois, eiquí bai aber ua queima condenada.
 Bía preparado, me cago na puta. E tebéronll' algo de lercia⁵⁷. Per'
 370 eu falando *biñ*, e. I espqis deixéi d' ir por alí, coño.

ANTÓN SANTAMARINA

⁵⁷ *Lercia*: 'congoxa que se sinte cando ún ten medo'.